

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL XUNTA DIRECTIVA

D. Omar Enrique Lucci Muñoa, maior de idade, con DNI número 49.334.278-Z, como secretario da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 27 de setembro de 2019 na Casa do Pescador do Concello de Miño, no punto 2. "Relación de proxectos presentados na segunda fase da Convocatoria 2019 e aprobación por parte da Xunta Directiva da resolución provisional para a súa posterior publicación e proposta resolución definitiva para ser enviados á Consellería do Mar para a súa aprobación", os membros da Xunta Directiva (estando presentes 7 representantes dos trece que conforman a Xunta Directiva) acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:


1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na *"Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2019"*.
2. Todos os membros da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. A Consellería do Mar, resolveu o 11 de febreiro de 2019 autorizar a modificación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte, segundo a comunicación recibida neste GALP o día 12 de febreiro, estando incluídos os criterios de baremación, que son os utilizados polo equipo técnico deste GALP nesta Convocatoria 2019. Estas modificacións poden consultarse no seguinte enlace: <https://galpgolfoartabronorte.blogspot.com/2019/02/resolucion-de-aprobacion-da.html>

4. Nos caso de empate nas puntuacións dos proxectos tras aplicar os criterios de selección, o equipo técnico aplicou o punto 10 do artigo 23 “fase de instrución” da Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018.
5. Esta proposta de resolución provisional de Xunta Directiva para proxectos produtivos da 2ª fase de adxudicación de axudas, Convocatoria 2019, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos nesta convocatoria 2019.
6. Outórgase un prazo de alegacións de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, que será o día 1 de outubro de 2019.
7. Informar que esta proposta de resolución provisional publicarase na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia (<https://galp.xunta.gal/>) e no blog do GALP Golfo Ártabro Norte <https://galpgolfoartabronorte.blogspot.com/>
8. Xúntase como anexo a esta resolución provisional de Xunta Directiva:
 - Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva para proxectos produtivos.
 - Anexo II. Proposta de resolución provisional de proxectos desestimados Xunta Directiva.
9. Unha vez contestadas as alegacións (se as houbera), o GALP Golfo Ártabro Norte formulará a proposta de resolución definitiva que será publicada da mesma forma e nos mesmos lugares que a resolución provisional.

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 30 de setembro de 2019

Visto e prace



Asdo.: José Manuel Fernández Lage
Presidente



Asdo.: Omar Enrique Lucci Muño
Secretario